

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Rectificación de erros nas bases de selección do persoal de prevención e extinción de incendios

O día 21/06/2016 esta Alcaldía ditou as Resolucions polas que se aprobaron as bases de selección do persoal para as brigadas municipais de prevención e defensa contra incendios forestais núm. 275/2016 (xefe brigada) e núm. 276/2016 (peón condutor e peón).

O punto 6 das ditas bases establece que, como requisito previo á contratación, as persoas aspirantes realizarán o preceptivo curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais e o correspondente recoñecemento médico, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran.

O art. 19.1 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais establece que o empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e axeitada, en materia preventiva, tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.

O art. 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común establece que as Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

É necesario adecuar o establecido no punto 6 das bases de selección en canto á realización do preceptivo curso teórico-práctico de formación ao establecido no art. 19.1 da antedita lei 31/1995, de prevención de riscos laborais.

Sendo competente a Xunta de Goberno Local en virtude da delegación conferida por Resolución núm. 552/2015, mais estimándose preciso acelerar o proceso para a selección e posta a disposición dos efectivos, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Revogar puntualmente a delegación efectuada na Xunta de Goberno Local na antedita Resolución, polo exposto e en relación a este expediente.

SEGUNDO

Rectificar o punto 6 das ditas bases de selección segundo se indica:

Onde di:

“Como requisito previo á contratación, as persoas aspirantes realizarán o preceptivo curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais e o correspondente recoñecemento médico, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran.”

Debe dicir:

“Como requisito previo á contratación, as persoas aspirantes realizarán o correspondente recoñecemento médico, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran.

Unha vez contratadas realizarán o preceptivo curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran ou no caso de que non o superaran.”

TERCEIRO

Publicar esta modificación no taboleiro de editos, no sitio web e na Sede electrónica municipal.

Rianxo, mércores 27 de xullo de 2016

O alcalde, Adolfo F. Muíños Sánchez

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo